

# **AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES**

En setembro **non hai** probas extraordinarias de recuperación de inglés pendente de cursos anteriores. Para facilitar a superación da materia de inglés que **NON** está aprobada do curso anterior e que se considera pendente, o Departamento de Inglés oferta, durante todo o presente curso, **catro** posibilidades de recuperación de inglés pendente xa que a asimilación de contidos é avaliada nas probas das tres avaliacións do curso e na avaliación final.

A materia de inglés pendente de cursos anteriores **QUEDA APROBADA** se o alumnado:

- **APROBA INGLÉS NA PRIMEIRA AVALIACIÓN DO CURSO.** O primeiro trimestre constitúe un reforzo de contidos dos niveis inferiores e unha base para os contidos propios do curso. Se o alumno supera as probas escritas realizadas na primeira avaliación do curso actual, tamén supera a materia de inglés pendente de cursos anteriores.
- **APROBA INGLÉS NA SEGUNDA AVALIACIÓN DO CURSO.** Inglés é unha materia na que se imparten os contidos de maneira progresiva, o que nos permite repasar contidos básicos regularmente durante o segundo e terceiro trimestres e aclarar dúbidas ao alumnado que ten esta materia pendente.
- **APROBA A TERCEIRA AVALIACIÓN DO CURSO.** Neste suposto o alumno aproba inglés pendente de cursos anteriores e tamén a materia de inglés no curso actual.
- **APROBA A PROBA ESCRITA DE RECUPERACIÓN EN XUÑO.** Se o alumno non amosa ter asimilados os contidos mínimos do curso anterior en ningunha das tres avaliacións do curso, valorarase a posibilidade de realizar unha proba escrita de contidos en xuño, ao final de curso.

**IMPORTANTE:** Para facilitar a superación da materia pendente eliminamos a necesidade de superar as probas sobre as lecturas obrigatorias do/s curso/s anterior/es.

## **Cálculo da cualificación final de materia pendente:**

- Os alumnos que superen a totalidade do curso no que están matriculados aproban a materia pendente con cualificación de 5,00.
- Dado que os contidos desta materia son progresivos, os alumnos que superen calquera das tres avaliacións do curso no que están matriculados aproban a materia pendente con cualificación de 5,00.
- Os alumnos que non superen as avaliacións do curso no que están matriculados, poderán aprobar a materia pendente con cualificación de 5,00 se amosan ter asimilados os contidos do curso pendente nas probas de recuperación de xuño do curso no que están matriculados.